



Xornadas de portas abertas para aspirantes ao acceso a 1º curso do Grao Elemental.

Esta actividade nace coa finalidade de dar a coñecer, aos futuros aspirantes a alumnado, o funcionamento do Centro así como a organización da proba de acceso ao primeiro curso de Grao Elemental.

Nestas xornadas **non se impartirán coñecementos**; simplemente tentarase familiarizar aos aspirantes cun entorno que polas súas peculiaridades pode provocar unha situación de tensión e bloqueo que desemboque nun resultado por debaixo das súas aptitudes reais.

Como apuntarse para participar:

Na conserxería podes solicitar o formulario de inscrición. Cada participante terá dereito a asistir a unha quenda (de 2 sesións nunha semana: 1 hora o luns e 1 hora o xoves) e poderá entrar á actividade acompañado dun adulto. Para tal fin, deberá cumprimentar o documento de solicitude de inscrición e **entregalo presencialmente na conserxería do Centro, rematando o prazo ás 11:00 do venres anterior** ao comezo de cada quenda.

O venres da semana anterior ao comezo de cada quenda publicarase, na páxina web e no taboleiro do Centro, o listado do alumnado admitido. Por cuestións organizativas, non sempre se poderá atender á primeira opción elixida.





Elixete a túa quenda!

Horario:

Luns ás 18h e Xoves ás 19h

Febreiro

Quenda 1: luns 9 e xoves 12
Quenda 2: luns 23 e xoves 26

Marzo

Quenda 3: luns 2 e xoves 5
Quenda 4: luns 9 e xoves 12
Quenda 5: luns 23 e xoves 26

Abril

Quenda 6: luns 13 e xoves 16
Quenda 7: luns 20 e xoves 23
Quenda 8: luns 27 e xoves 30